


INFORME DE RESULTADOS DO PLAN ANUAL DE AVALIACIÓN DAS USUARIAS E USUARIOS

Curso 2018/19

R4 MC-05 P1



Durante o curso 2018/2019 desenvolvéronse as actividades de avaliación de satisfacción formalizadas no PAESU actualizado.

No que se refire á ficha 1 (2018-PAESU/01) consistente nas reunións cos Delegados/as de cada curso do grao en Xeografía e Historia, tanto na modalidade presencial e representantes da Delegación do alumnado, para avaliar a dinámica do curso e do centro por parte do decano/coordinación de Calidade, tiveron lugar dúas xuntanzas ao remate de cada un dos dous cuatrimestres (05/02/2019 e 07/05/2019), con resultados satisfactorios, xa que nas dúas a asistencia foi xeneralizada e houbo interesantes aportacións dende as perspectivas de representación do alumnado. Os aspectos máis salientables destas xuntanzas foron expostos á Coordinadora do grao, así como debatidos na Comisión de Calidade e na Xunta de Facultade. Todas as demandas foron debidamente contempladas e nos casos necesarios remitidas aos organismos pertinentes, tal e como figura nas actas relativas aos informes. Sen dúbida esta actividade resultou altamente satisfactoria e contribuíu a mellora continuada. O único incidente a resaltar é que na segunda xuntanza non acudiu ningún representante de 3º curso, xa que o seu delegado dimitira previamente e ninguén quixo ocupar o seu posto. As dificultades que poden derivarse deste inconvinte foron expostos ao mencionado curso pola titora asignada polo PAT para dito curso.

Así mesmo, no que se refire a ficha 2 (2018-PAESU/02), que ten como obxecto avaliar a dinámica do curso e do centro na modalidade semipresencial tamén coa supervisión por parte do decano/coordinación de Calidade, se celebrou unha primeira xuntanza de acollida ao inicio do curso (03/09/2018). A reunión do primeiro cuatrimestre non se celebrou, a pesar de ser convocada, porque non se atoparon as datas idóneas, a reunión do remate do 2º cuatrimestre (12/06/2019) con resultados satisfactorios. Se ben neste caso a asistencia foi menor, dadas as condicións intrínsecas a este tipo de alumnado, os asistentes o fixeron en representación do resto, xa que trátase dun grupo ben coordinado e en constante comunicación a través das novas tecnoloxías. Na derradeira xuntanza a coordinadora de Calidade solicitou un escrito conxunto que recollera toda a problemática exposta. Dito escrito foi recibido con data 07/06/2018 e transmitido á Coordinadora do grao, e debatidas na Comisión de Calidade e na Xunta de Facultade. Todas as demandas foron debidamente contempladas e froito delas, debatiuse, en concreto, a pertinencia de gravar as aulas ou no seu defecto pímulas introdutorias ou xenéricas de cada materia.

No que se refire a ficha 3 (2018-PAESU/03) relativa ao alumando do PCEO do grao de Turismo e Xeografía e Historia, mantivéronse tres xuntanzas, unha ao inicio de curso, e dúas ao remate de cada cuadrimestre (02/10/2018, 05/02/2019 e 07/05/2019) con conxunto do alumnado matriculado, cun resultado óptimo en relación á súa satisfacción e as propostas de mellora realizadas, que se levaron á Comisión de Calidade e á Xunta do Centro.